

Vivencias compartidas no Camiño

COLABORACIÓN

AFAOR
recuerda@afaor.com

Adía de hoxe, o Camiño de Santiago, non se constitúe como unha peregrinación exclusivamente relixiosa. Cada individuo ten unha motivación persoal para comezar a percorrer os sendeiros que nos levan ata Santiago de Compostela, ata a Praza do Obradoiro, pero todos os que o inician coinciden nas enriquecedoras experiencias desta viaxe.

Tendo en conta esta oportunidade, dende Afaor, e grazas ó programa "O teu Xacobeo" da Xunta de Galicia desenvolvemos o proxecto "Vivencias compartidas na Vía da Prata do Camiño de Santiago" co obxectivo de ofrecer as familias afectadas pola doenza de Alzheimer un espazo de reencontro interpersonal.

Esta iniciativa consta de sete etapas que xa estamos a realizar e nas que percorrermos a Vía da Prata do Camiño de Santiago partindo da cidade das Burgas, onde xa disfrutamos do noso patrimonio cultural -coma a Catedral de Ourense-, enchoupándonos da extraordinaria natureza propia da nosa terra -destacando as fervezas do río Toxa ou a fraga de Catasós-, sen esquecer nos, como non, da rica gastronomía galega, como xa desgustamos visitando a ruta dos Fornos en Cea.

Curiosamente esta viaxe non remata na capital galega, nen na Catedral de Santiago, alá polo mes de abril, senon na nosa casa, en Ourense, culminando esta experiencia nun espazo relaxante onde disfrutar das nosas augas termais e brindando finalmente cunha comida de confraternización entre todos os participantes, momento que agardamos se convirta nunha xornada chea de lembranzas compartidas desta pergrinaxe pola Vía da Prata do Camiño de Santiago.

Esta actividade forma parte dun amplo abanico de servizos que a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Ourense (Afaor) desenvolve ó longo de todo o ano coa finalidade de dar resposta non só as necesidades máis básicas de doentes e coidadores, como a información e atención especializadas, a formación ou o apoio psicolóxico, senon tamén a aquelas outras que permiten disfrutar do reencontro entre as familias nun ambiente relaxado e de lecer, coma a celebración do Entroido, dos Magostos ou do Nadal. ■



A cidade de Ourense é unha das paradas obrigadas da Vía da Prata.



A etapa pasou polas fervezas do río Toxa ou a fraga de Catasós.



O obxectivo da proposta é ofrecer un espazo de encontro entre familias.



Na iniciativa participan familiares de enfermos de Alzheimer.



O Camiño tamén os levou ó Pazo de Trasalba.